

MEMORIA 2021

CENTRO PAI MENNI

Atención a persoas
con discapacidade
intelectual
BETANZOS



Irmás
Hospitalarias

CENTRO PAI MENNI

ÍNDICE

	Páxina
- DATOS IDENTIFICACIÓN CENTRO	.- 3
- INTRODUCCIÓN	.- 4
- PROXECTO ASISTENCIAL REHABILITADOR	.- 5
- CAPACIDADE E ACTIVIDADE ASISTENCIAL	.- 19
- XESTIÓN DE PERSOAS	.- 22
- TARIFAS E SUBVENCÍONS	,-28
- CONCERTOS	.- 31

DATOS IDENTIFICACIÓN



Nome do centro:

Centro Pai Menni
Irmás Hospitalarias

Domicilio:

Ctra. de Santiago s/n
15300 BETANZOS (LA CORUÑA)

Teléfonos

981.77.00.56 Centro

Fax:

981.77.00.50 Centro

Web: www.paimenni.org

Fecha de Fundación: 28 de agosto de 1923

Propiedade: Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús

INTRODUCCIÓN

Nas seguintes páxinas resúmense os feitos máis relevantes acontecidos ao longo do ano 2021 e que constitúen a MEMORIA DE XESTIÓN deste exercicio.

So podemos comezar este informe lembrando o forte brote provocado polo virus **SARS-CoV-2** que viviu o centro no primeiro trimestre e que marcou en boa medida a evolución do ano.

Tomando constancia deste triste recordo, comprobando como naqueles momentos difíciles, os membros da **Comunidade Hospitalaria de Betanzos**, cada un dende a súa perspectiva e situación, sacaron a forza da nosa proclamada **HOSPITALIDADE**, dos nosos valores, que nos axudaron a superar obstáculos, así como, nesta presentación un moi forte **GRAZAS** a todas elas: as persoas con DI, as súas familias, os colaboradores, os voluntarios, as irmás... e un agradecemento tamén a todas as persoas que dende a Institución, dende outras entidades de Galicia, dende Betanzos, apoiáronnos nestes momentos.

Betanzos, 25 de febreiro de 2022



Immaculada Segarra
Directora Xerente

PROXECTO ASISTENCIAL REHABILITADOR

INTRODUCCION

Iniciamos a proposta do noso proxecto coa descrición do quefacer que desenrolamos ao servizo da sociedade galega na que vivimos e na que desexamos servir nunha das súas significativas necesidades.

No noso proxecto podemos recoñecer unha mesma unidade na visión global e na súa identidade e, ao mesmo tempo, unha pluralidade de servizos.

Visión global de noso servizo ao mundo da discapacidade.

O Centro Pai Menni ofrece unha atención integral a persoas con discapacidade intelectual con distintas necesidades de apoio, proporcionándolles unha intervención multidisciplinar e personalizada.

Descrición de servizos.

A nosa oferta é ampla e diferenciada. Dentro do abanico de atencións que estamos realizando, sinalamos:

- Servizos residencias:
 - Residencia para persoas con grandes necesidades de apoio.
 - Residencia para adultos con discapacidade.
- Vivendas tuteladas.
- Centro de Día.
- Centro Ocupacional.

O Centro conta tamén con unha serie de **servizos técnicos** que colaboran no deseño, desenvolvemento e avaliación dos diversos programas e prestan a seu apoio ao persoal de atención directa nos distintos ámbitos ou unidades. Estes servizos son los seguintes:

Servizos técnicos:

- | | |
|------------------------|--------------------|
| 1. Psicoloxía | 6. Traballo Social |
| 2. Enfermería | 7. Fisioterapia |
| 3. Pastoral | 8. Tutela |
| 4. Ocio y Tempo Libre | 9. Voluntariado |
| 5. Terapia Ocupacional | |



Unidade na calidade da nosa atención.


A través de todo este amplo conxunto de servizos, o Centro trata de ofrecer unha atención integral e de calidade que dea resposta as distintas necesidades que poidan presentar as persoas obxecto da nosa atención en distintas situacións ao longo da súa vida.

Temos definidos e documentados todos os procesos que se levan a cabo no Centro, partindo das necesidades e expectativas das persoas que atendemos e das súas familias e traballando para conseguir súa satisfacción.

No ámbito asistencial desenrolamos os seguintes procesos:

- Ingreso e acollida
- Valoración e Elaboración do Plan de Atención Individual
- Atención Básica
- Mantemento e Rehabilitación
- Atención Ocupacional e Laboral
- Ocio e Tempo Libre
- Avaliación do Plan de Atención Individual
- Atención a Familias
- Saída

A través de estes procesos os equipos de traballo abordan de forma multidisciplinar todos os aspectos da asistencia.



PRINCIPIOS DO NOSO PROXECTO

❖ UN PROXECTO BASADO EN VALORES

O noso proxecto está dirixido por unha serie de valores que orientan e impregnan toda a actividade do Centro e que manifestan a nosa ética particular , ao tempo que informan da maneira de ser , estar e traballar de todos os que formamos a comunidade hospitalaria.

Na nosa cultura a palabra Hospitalidade sintetiza e expresa os valores que nos definen e se traduce en ofrecer espazo e tempo, humanidade e recursos para realizar a nosa misión coa singularidade dos seguintes valores.

Limitámonos simplemente a recordar aos sinalados para todos os Centros no Marco de Identidade facéndoo de forma aplicada ao noso e cunha breve frase evocadora de toda a densidade do seu significado.

1. Sensibilidade polas mais excluídas.

Cos nosos servizos buscamos levala atención ata aquelas persoas que estean máis necesitadas, marxinadas e esquecidas. Forma parte do noso empeño concienciar ao entorno de esta realidade e da súas necesidades.

2. Ao servizo da persoa con discapacidade.

No noso Centro todo está e todos estamos ao servizo das persoas que atendemos. Elas ocupan o centro do tecido de relacións da comunidade que formamos e do conxunto de actividades ao traballo que desenvolvemos.

3. Acollida liberadora.

A nosa misión consiste en acoller a estas persoas con calor de fogar, establecer un encontro óptimo con elas e as súas familias e promocionar, segundo as súas condicións e posibilidades , e o maior grao de inclusión social e participación activa no seu entorno.

4. Saúde integral.

A nosa atención asistencial- rehabilitante parte de unha visión integral da persoa e desenvolve as actividades máis adecuadas con todas as súas dimensións segundo o humanismo da nosa cultura

5. Calidade profesional.

Desenrolamos a mellor calidade profesional para ser o mais efectivos no coidado e promoción de cantos participen dos nosos servizos, que adaptamos segundo as necesidades e actualizamos segundo os avances científicos e técnicos.

6. Humanidade en la atención.

Cultivamos a humanización de todo o noso quefacer no trato e na linguaxe. Nos nosos servizos a persoa ocupa o centro de toda a actividade dende unha actitude de respecto, dispoñibilidade e amor en persoa..

7. Ética en toda actuación.

O nosos proxectos teñen como un dos seus signos distintivos a ética nos seus plantexamentos, na súas actuacións asistenciais- rehabilitadoras, na súa xestión e en todo tipo de actividades. O

considera unha esixencia da motivación cristiana desta institución e da calidade das súas prestacións.

8. Conciencia histórica

O coñecemento dos orixes da nosa Hospitalidade, da historia tanto xeral desta institución, como a concreta do noso Centro, e a conciencia individual e colectiva de que todos son protagonistas do momento actual, é o valor que posibilita a continuidade e o futuro da nosa obra.

❖ UN PROYECTO COMPARTIDO POR LA COMUNIDAD HOSPITALARIA

O noso proxecto está pensado para implicar a todala comunidade hospitalaria que está formada por:

- as persoas con discapacidade
- as familias
- os traballadores
- os voluntarios
- os benfeitores
- as persoas en formación
- as irmás hospitalarias

Partimos do seguinte criterio: o éxito deste proxecto está baseado en que toda a comunidade hospitalaria, respectando o pluralismo cultural existe, a diversidade de visións da vida e da liberdade de opinión teña:

- unha misión compartida coa que todos nos identifiquemos e comprometamos,
- unha visión común do futuro pretendido para o proxecto,
- uns mesmos valores que guíen sempre a acción,
- uns modelos de traballo consensuados, responsablemente asumidos e cumpridamente realizados
- e uns procesos ben definidos nos que cada axente coñeza e comprenda o seu papel.

❖ UN PROYECTO FAVORECEDOR DA CALIDAD DE VIDA

Entendemos por calidade de vida o tipo de vida desexado por cada un dos cidadáns e definido, tendo en conta o marco dos seus valores e recursos da súa comunidade.

Neste sentido o noso centro comprométese a dar oportunidades a persoas con discapacidade intelectual para que teñan unha vida que poidan considerarse equivalente a das persoas que non teñen este tipo de limitacións.

Partimos da conceptualización que Schalock e Verdugo fan deste concepto, tendo en conta as súas oito dimensións.

- benestar emocional
- relacións interpersoais
- benestar material

- desenrolo persoal
- benestar físico
- autodeterminación
- inclusión social
- dereitos

Así tratamos de ter presente o respecto profundo a súa dignidade como persoa en todos os aspectos (somáticos, psicolóxicos, espirituais e relixiosos) en tódalas actividades que realizamos coas persoas as que atendemos, considerándoas axentes da súa propia vida e favorecendo ao longo dun estado subxectivo de contento que vai mais aló da cobertura das súas necesidades.

Por último, creemos que a calidade de vida é un concepto incluínte, é dicir, é aplicable a todas as persoas independentemente das súas características, súas diferentes necesidades de apoio e as súas condicións particulares.

❖ **UN PROYECTO REALIZADO CON EXCELENCIA**

O nos proxecto asistencial-rehabilitador, definido segundo a identidade e os valores do hospital, para garantir que as persoas con discapacidade intelectual acaden a maior calidade de vida posible, desenvolve un modelo de atención caracterizado pola excelencia.

O compromiso a favor da calidade de vida das persoas ás que atendemos comprométenos coa máxima calidade no modelo de atención que prestamos. Estes son os criterios directivos da nosa actuación que o capacitan e que, ao mesmo tempo, son os indicadores que o apoian.

Atención individualizada

Establecemos, a través do Plan de atención individual, unha relación e seguimento especialmente personalizado, prestamos unha atención adecuada a tódalas dimensións da persoa, a biolóxica, psicolóxica, social e espiritual, implicamos ás familias e fomentamos a participación activa no medio.

Intervención activa e capacitadora

Ofrecemos apoios adaptados ás necesidades de cada unha das persoas ás que atendemos, tratando sempre de guiar a nosa intervención cara á formación da persoa, co fin de manter e aumentar as súas habilidades en todas as áreas o máximo posible.

Enfoque multidisciplinar

A organización da asistencia por procesos, a existencia de procedementos acordados, protocolos e instrucións de acción coñecidos por todos os membros dos equipos de traballo, garanten o seu bo funcionamento, polo tanto, unha intervención multidisciplinar eficaz.

Mellora continua

O compromiso que fomenta o desenvolvemento dos nosos servizos é a mellora permanente dos nosos servizos. Para iso, revisamos e autoavaliamos continuamente os nosos resultados e introducimos propostas de mellora que nos permitan obter cada vez unha maior índice de satisfacción entre as persoas ás que atendemos e as súas familias.

Xestión eficiente.

Un dos signos que identifican a nosa tarefa é saber facelo, facelo ben e facelo de xeito eficiente, harmonizando a calidade e os recursos dispoñibles, a legalidade e a excelencia, a dirección e a participación .

Administración sen ánimo de lucro.

O noso Centro é unha institución sen ánimo de lucro que defende socialmente o dereito das persoas máis necesitadas no mundo da discapacidade, a ser atendido e traballa para facer un financiamento adecuado.

Permanente atención os traballadores.

Damos todos os coidados posibles aos protagonistas das distintas tarefas que, de feito, a actividade asistencial e de rehabilitación leva ao longo de todo o seu proceso de incorporación, formación e promoción.

Comunicación interna e participación corresponsable.

Promovemos canles de comunicación transparente e participación comprometida e fomentamos a capacidade de iniciativa e traballo en equipo, programación e avaliación.

Co fin de levar a diante o Proxecto Asistencial-Rehabilitador, o Centro ofrece unha serie de servizos. Cada servizo ten os seus propios obxectivos, diríxese a un determinado perfil de usuario e ten súa propia programación.

2.1 SERVICIO DE RESIDENCIA PARA PERSOAS CON GRANDES NECESIDADES DE APOIO

Obxectivo fundamental: proporcionar unha atención de calidade nun internado, dentro dun clima humano, que contribúa ao desenvolvemento integral da persoa, favoreza a súa autonomía e a súa calidade de vida.

A) PERFIL DO USUARIO

Este servizo está dirixido aqueles usuarios con idades comprendidas entre os 18 e os 60 anos que teñen limitacións moi importantes no funcionamento intelectual e no comportamento adaptativo e, polo tanto, precisan apoio xeral en todos os ámbitos.

B) PROGRAMA DE RESIDENCIA

1. Levar a cabo actividades de alimentación con aqueles usuarios que precisen un apoio extenso e permanente ao respecto.
2. Ofrecer os apoios que necesitan para dar resposta ás necesidades dos usuarios desta área (problemas de mastigación, degolación, mobilidade, etc.)
3. Planificar o levar a cabo dietas adecuadas ás distintas necesidades dos usuarios.
4. Promover a existencia de opción de elección nalgúns partes do menú.
5. Manter e/ou desenvolver habilidades básicas relacionadas cos alimentos segundo as capacidades dos usuarios (utilización do garfo, servilleta, etc.)
6. Fomentar hábitos de orde e limpeza en relación cos alimentos (lavarse as mans, poñer o mandilón, gardar a servilleta, etc.)
7. Desenvolver habilidades de orde relacionadas cos alimentos (poñer a mesa, recollela, etc.)
8. Establecer e executar pautas de hixiene adecuadas con aqueles usuarios que precisen un apoio externo e permanente nesta área.
9. Realizar programas de adestramento no aseo.
10. Promover o desenvolvemento de habilidades básicas relacionadas coa limpeza (lavarse as mans, colaborar no baño, secarse, etc.)
11. Colaborar para amosar as habilidades básicas relacionadas co vestiario (poñerse e quitarse prendas, abotoarse, subir e baixar cremalleiras, etc.).

Axudarlle a desenvolver hábitos ordenados nos espazos de limpeza (recoller os útiles de aseo, a roupa sucia, etc.)

12. Fomentar o desenvolvemento de hábitos de orde en relación co vestiario (levala roupa limpa ao seu armario, dobrar prendas sinxelas, etc.)
13. Contribuír a que o usuario interiorice a importancia dunha correcta presenza externa (hixiene, vestiario, peiteado, etc.)
14. Favorecer a posibilidade de escoller temas relacionados coa roupa.

2.2 SERVIZO DO CENTRO DE DÍA

Obxectivo fundamental: proporcionar servizos específicos de apoio preventivo e actividades de rehabilitación que permitan ao usuario manter as capacidades adquiridas, así como desenvolver, na medida do posible, outras novas.

Ofrécese a usuarios da Residencia para persoas con discapacidade gravemente afectadas e a usuarios externos.

A) PERFIL DO USUARIO

Está dirixido a persoas que teñen entre 18 e 60 anos e teñen un grao de limitación no funcionamento intelectual e no comportamento adaptativo que require o apoio permanente doutra persoa.

B) PROGRAMA REHABILITADOR

1. Fomentar a comunicación dos usuarios con persoal de atención directa e cos seus compañeiros en todas as áreas (sistemas aumentativos ou alternativos, sinalización, etc.)
2. Facilitar a comprensión do medio que os rodea mediante unha sinalización adecuada.
3. Favorecer o desenvolvemento de habilidades motrices globais.
4. Axudar a preservar a función motora mediante técnicas de fisioterapia.
5. Promover a mobilidade e a saúde corporal a través do exercicio físico.
6. Favorecer o seu desenvolvemento sensorial.
7. Manter e desenvolver habilidades cognitivas básicas (conceptos de cor, forma, tamaño, etc.).
8. Desenvolver o coñecemento e o uso das TIC.
9. Manter e desenvolver habilidades básicas de manipulación (enroscar, ensartar, enrugar, etc.)

10. Fomentar a relación interpersoal e de grupo do usuario.
11. Participar na preparación e celebración das datas máis importantes do Ano Litúrxico e demais encontros da comunidade.
12. Colaborar intervindo nas actividades de grupo do centro (festas, festivais, etc.)
13. Desenvolver a capacidade dos usuarios para escoller, promovendo a existencia de diversas opcións de actividades.
14. Facer saídas recreativas e de lecer no exterior.
15. Intervir en competicións deportivas mediante probas adaptadas.

As actividades deste servizo realízanse a través de:

- PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DAS AVS
- PROGRAMA DE PIZARRA DIXITAL
- PROGRAMA DE MANUALIDADES Y CREATIVIDADE
- PROGRAMA DE PSICOMOTRICIDADE
- PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E COMUNICACIÓN
- PROGRAMA DE REHABILITACIÓN E FISIOTERAPIA
- PROGRAMA DE ACTIVIDADES FÍSICAS E PROBAS ADAPTADAS
- PASTORAL
- ESTIMULACIÓN SENSORIAL
- HORTICULTURA TERAPEUTICA
- PROGRAMA DE OCIO
- TERAPIA CON CANS

2.3 SERVIZO DE VIVENDA TUTELADA

Obxectivo fundamental: facilitar o desenvolvemento da autonomía dos usuarios, así como promover a súa integración en contextos normalizados para mellorar a súa calidade de vida.

A) PERFIL DO USUARIO

Están dirixidos a persoas maiores de 18 anos que, con apoios de diferente intensidade, poidan asumir as condicións dunha vida independente e para iso posúen certas habilidades en aspectos como:

- Autonomía no aseo, vestido e mobilidade.
- Habilidades básicas de autocontrol.
- Habilidades básicas de relación interpersoal.

B) PROGRAMA DE VIVIENDA TUTELADA

1. Establecer normas de convivencia, participación e decisión acordadas entre as persoas que comparten a vivenda.
2. Lograr a adquisición de pautas de hixiene persoal adecuadas, así como un aspecto físico ben coidado.
3. Desenvolver habilidades de limpeza e mantemento do orde na vivenda e asumir responsabilidades nestas tarefas.
4. Coñecer e implantar normas de seguridade no fogar.
5. Aprender a planificar os menús adecuados as diferentes comidas (almorzo, comida e cea) tendo en conta criterios saudables e elaborar a lista da compra.
6. Adquirir hábitos de hixiene e seguridade na cociña.
7. Fortalecer e aumentar o coñecemento sobre a identificación e xestión dos cartos.
8. Aprender a utilizar os establecementos do barrio (supermercado, farmacia, etc.)
9. Desenvolver comportamentos axeitados para a vida comunitaria (control dos ruídos, respecto á privacidade dos demais, relacións cos veciños, etc.)

As actividades deste servizo realízanse a través de:

- ACTIVIDADES DO CENTRO OCUPACIONAL
- PROGRAMA DE APRENDIZAXE DE HABILIDADES PARA A COEXISTENCIA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.

2.4 SERVIZO DE RESIDENCIA PARA ADULTOS

Obxectivo fundamental: proporcionar a os usuarios unha convivencia que, ademais de responder ás súas necesidades básicas, fomente a súa calidade de vida e favoreza o seu desenvolvemento persoal.

A) PERFIL DO USUARIO

Este servizo está dirixido a persoas de entre 18 e 60 anos que con apoios de diferentes tipos e intensidade (limitados ou intermitentes) poidan levar a cabo actividades de coidado persoal pola súa conta.

B) PROGRAMA DE RESIDENCIA PARA ADULTOS

1. Traballar no desenvolvemento de habilidades básicas relacionadas coa consecución de autonomía no aseo.
2. Fomentar o desenvolvemento de habilidades de autonomía no vestiario.
3. Cultivar habilidades relacionadas coa educación no comer (utilización dos cubertos, servilleta, etc.)
4. Desenvolver e/ou manter hábitos de hixiene persoal adecuados.
5. Contribuír a que o usuario interiorice a importancia dunha presenza externa correcta (hixiene, vestido, peiteado).
6. Cultivar habilidades que lles permitan adaptar o seu aspecto a diferentes situacións e contextos (roupa de verao/ inverno, saír/estar pola casa, etc.)
7. Aprender a usar e manter correctamente as próteses que poidan usar (audífonos, dentaduras, etc.)
8. Favorecer a posibilidade de escoller temas relacionados co aspecto (vestiario, corte de pelo, etc.)
9. Desenvolver hábitos de orde e limpeza nos diferentes espazos empregados (comedor, dormitorios, baños, etc.)
10. Realizar correctamente tarefas relacionadas co mantemento da limpeza na casa (facer a súa cama, varrer, etc.)
11. Adquirir progresivamente pequenas responsabilidades en relación co mantemento da orde e da limpeza.
12. Coñecer nocións básicas de cociña.
13. Facer que se realicen pequenos axustes na roupa (poñer un botón, coser un dobladillo, etc.), dobrar e planchar prendas sinxelas.

14. Aprender a utilizar electrodomésticos (batedor, microondas, lavadora, etc.) .

As actividades deste servizo realízanse a través dos seguintes obradoiros:

- TALLER DE MANTEMENTO DE HÁBITOS DE LIMPIEZA
- TALLER DE COSTURA BÁSICA
- TALLER DE COCINA

2.5 SERVIZO DO CENTRO OCUPACIONAL

Obxectivo fundamental: proporcionar aos usuarios un espazo que responda ás súas necesidades formativas, ofrecerlle a posibilidade de realizar tarefas previas ao emprego que melloren o seu autoconcepto e/ou os prepare para entrar no mundo laboral. Ofrécese a usuarios da Residencia de adultos, vivenda tutelada e usuarios externos.

A) PERFIL DO USUARIO

Este servizo está destinado a usuarios con idades comprendidas entre os 18 e 60 anos cuxas habilidades permiten seguir adquirindo coñecementos funcionais, realizar tarefas previas ao emprego e/ou prepararse para entrar na vida activa.

B) PROGRAMAS

Os servizo ocupacionais están organizados nos programas realizados en:

- TALLERES OCUPACIONAIS
- FORMACIÓN PERMANENTE

TALLERES OCUPACIONAIS

1. Mellorar as habilidades manuais.
2. Adquirir diferentes habilidades e técnicas previas ao emprego.
3. Realiza unha actividade laboral adecuada as súas habilidades.
4. Practicar habilidades relacionadas con diferentes actividades produtivas.
5. Cultivar as habilidades necesarias para manter un traballo (puntualidade, concentración na tarefa, axuste conductual, etc.)
6. Identificar distintos sectores produtivos.
7. Potenciar no usuario unha conduta laboral que lle confíe nas súas habilidades.
8. Desenvolver a capacidade para tomar decisións de xeito responsable.
9. Promover a integración no ámbito comunitario.

Este programa realízase a través da actividade desenvolvida nos seguintes obradoiros:

- TALLER DE MANUALIDADES
- TALLER DE MANIPULADO BEBÉ GADIS
- TALLER DE MANIPULADO: OSITOS
- TALLER DE TERAPIA OCUPACIONAL
- TALLER DE BORDADO ARTESAN
- TALLER DE LAVANDERÍA
- TALLER DE XARDINERÍA

FORMACIÓN PERMANENTE

1. Desenvolver e/ou afondar habilidades académicas que teñan unha aplicación directa na vida do usuario e que faciliten un maior nivel de autonomía.
2. Coñecer aspectos da cultura que lles permitan comprender mellor o mundo que os rodea.
3. Iniciarse e/ou profundizar no manexo das TIC.
4. Avanzar no funcionamento das súas habilidades de comunicación, tanto comprensivas como expresivas.
5. Acadar as habilidades necesarias para iniciar e manter relacións interpersoais.
6. Coñecer diferentes tipos de establecementos e servizos, así como o seu uso.
7. Adquirir e poñer en práctica coñecementos de educación viaria que lles permitan moverse de forma independente e segura.
8. Obter hábitos de vida saudables.
9. Promover a mobilidade e a saúde corporal a través de exercicio físico.
10. Beneficiar a funcionalidade motora mediante técnicas de fisioterapia.
11. Iniciar e/ou progresar na práctica de actividades deportivas.
12. Axudar á súa integración no ámbito comunitario.
13. Educar na correcta conciencia dos valores morais e hospitalarios integradores do comportamento da persoa.
14. Estimular a capacidade de expresión artística a través de diferentes tipos de actividades (música, debuxo, teatro ...)
15. Desenvolver a capacidade para tomar decisións.

As actividades deste servizo lévanse a cabo a través de:

- TALLER DE MANUALIDADES
- TALLER DE MANIPULADO: BEBÉ GADIS

- TALLER DE MANIPULADO:OSITOS
 - TERAPIA OCUPACIONAL
 - MANTEMENTO FÍSICO
 - TERAPIA CON CANS
 - CATEQUESIS
 - TALLER DE INFORMÁTICA
 - PIZARRA DIXITAL
 - ACTIVIDADES DEPORTIVAS (NATACIÓN, FÚTBOL E BALONCESTO, MULTIDEPORTE)
 - CORO
 - SESIONS DE AXUDA INDIVIDUALIZADA
 - GRUPO DE AUTOXESTORES
 - CLUB DE LECTURA FÁCIL
 - TALLER DE MANEXO DOS CARTOS
 - COMUNICACIÓN
 - ACTIVIDADE MULTISENSORIAL
 - TALLER DE AUTORREGULACIÓN EMOCIONAL
 - TALLER DE LOITO
 - TALLER PREVENCIÓN DE ABUSO
 - PROGRAMA DE FOMENTO DA AUTONOMÍA
- PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS EN PROCESO DE ENVELLAMENTO

Dende marzo de 2020, as actividades e os taller de todos os servizo vironse alteradas polo Plan de Continxencias fronte a pandemia da COVID19 e as diversas normativas que se foron publicando ao longo do ano 2020. As actividades fóronse adaptando, de forma especial, as restricións de mobilidade e a sectorización no propio centro.

As actividades adaptáronse, de forma especial, ás restricións de mobilidade e á sectorización no propio centro, aínda que é certo que ao longo do 2021 xa se foron recuperando dentro da nosa "nova normalidade".

CAPACIDADE E ACTIVIDADE ASISTENCIAL

O Centro atende ás persoas con discapacidade intelectual. Esta discapacidade ás veces está asociada a unha discapacidade física, sensorial ou múltiple.

A capacidade do Centro ao 31-21 é a seguinte, sen ter sufrido variacións das que dispoñía nos anos anteriores:

➤ RÉXIMEN RESIDENCIAL:

	CAMAS	ENFERMERÍA	TOTAL
Residencia discapacitados gravemente afectados	88	4	92
Residencia discapacitados adultos	42	2	44
Pisos tutelados	18	0	18
TOTAL PRAZAS	148	6	154

(*) Todas as prazas están autorizadas pola Xunta de Galicia.

➤ CENTRO OCUPACIONAL E CENTRO DE DÍA:

	PRAZAS A 31/12/2018
Centro Ocupacional	117
Centro de Día	127
TOTAL PRAZAS	244

(*) Todas as prazas están autorizadas pola Xunta de Galicia.

OUTRA ACTIVIDADE ASISTENCIAL

- **XORNADAS TÉCNICAS PAI MENNI / DOCENCIA**

Neste exercicio non foi posible levar a cabo as X Xornadas Técnicas Pai Menni, debido ás restricións de acceso ao centro ocasionadas pola crise sanitaria.

Para o ano 2022 trátase de retomar este evento, tratando de adaptar a súa realización á evolución da situación sanitaria.

O 28 de xuño de 2021 unha persoa do noso servizo de psicoloxía participou como relatora nas "**V xornadas online sobre Diversidade. Compartindo experiencias.**" Organizadas por FSIE co relatorio: **Implementación do Apoio Activo en persoas con discapacidade intelectual.**

Os días 28 e 29 de outubro de 2021 unha persoa do o noso servizo de terapia ocupacional e outra do servizo de psicoloxía participaron como reladoras no III Congreso Paso a Paso "**Retos de futuro: As persoas con discapacidade intelectual en proceso de envellecemento**".

- **PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN**

Neste dende o servizo de fisioterapia traballouse sobre a **Análise dos factores de risco das caídas en persoas adultas con discapacidade intelectual**, enmarcada no desenvolvemento da tese doutoral dunha das fisioterapeutas do servizo do centro.

Un grupo de persoas usuarias do noso centro participou os días 28 de outubro, 8, 10 e 11 de novembro no proxecto CAPALIST: "**Validación e adaptación do protocolo CAPALIST a persoas con discapacidade intelectual**".

De cara ao **próximo ano 2022** prevese participar naqueles proxectos de investigación desenvolvidos por FIDMAG en consoancia coa nosa liña asistencial.

- **SOLIDARIEDADE E COOPERACIÓN**

En Irmás Hospitalarias, queremos construír un mundo mellor e a través dos nosos centros promovemos a colaboración mediante proxectos sociais solidarios, o voluntariado e a cooperación internacional. Entre as actividades que participamos e promovemos, **o grupo de Solidaridade de Pai Menni de Irmás Hospitalarias**, están as seguintes:

- Campaña solidaria para impulsar a investigación do COVID de FIDMAG. 174,83€ recadados.
- Entrega de roupa a Pai Rubinos e RedMadre dun total de 698,35 kg. e xoguete a RedMadre.
- Apadriñamento dun neno e unha nena de Camerún a través da Fundación Benito Menni.
- Accións de reflexión e motivación enmarcadas dentro da Semana Laudato
- Participación na V Camiñata de Cruz Vermella.
- Tras máis de 4 anos colaborando coa Comunidade Terapéutica Puntiti en Bolivia (Sudamérica), en 2021 estreamos colaboración co Centro de Rehabilitación Psicosocial de Mahotas, Mozambique (África).

- Organización da charla impartida por dúas Irmás Hospitalarias de Togo e Camerún para dala oportunidade de coñecer a misión hospitalaria noutras culturas e comunidades.
- Recollida de fondos para os afectados polo volcán da Palma. Ingreso de 145€
- Participación no III Encontro de referentes de solidaridade de Irmás Hospitalarias España.
- Participación na reunión de solidaridade e cooperación organizada pola Congregación de Irmás Hospitalarias.



XESTIÓN DE PERSOAS

RELACION DE PERSOAL

	CI	CE	Subcont	Hemns	TOTAL
	Real.	Real.	Real.	Real.	Real.
Médicos especialistas			0,13		0,13
Psicólogos	2	1			3
Enfermeiros	2,5	1		0,5	4
Fisioterapeutas	2				2
Terapia ocupacional	1	1			2
Auxiliares, Coidadores	43	16,31		1	60,31
Traballadores sociais	1	1			1
Monitores ocupacionais	6,9				6,9
Outro persoal asistencial	1,5		0,03		1,53
TOTAL ASISTENCIAL	59,9	19,31	0,16	1,5	80,87
Directivos	3			1	4
Administrativos	6				6
Mantemento	2				2
Restauración	4				4
Lavandería	2				2
Limpeza	5				5
Outro persoal no asistencial	1				1
TOTAL NO NASISTENCIAL	23	0	0	1	24
TOTAL PERSOAL	82,9	19,31	0,16	2,5	104,87

**Xornada máxima
laboral recollida no
convenio:**

1.720 horas anuais

(*) Datos efectivos a 31/12/21

FORMACIÓN

O plan de formación viuse afectado novamente pola incidencia da pandemia, tivemos que cancelar cursos por ausencia dos relatores e algúns se aprazaron dende Provincia para realizar en anos sucesivos. Destacar que, a pesar da sectorización, as circunstancias permitiron a asistencia dun maior número de participantes.

En canto ás formacións que podemos bonificar estamos en torno ao 33% do investido e alcanzan un 20% do crédito dispoñible.

O número de horas formativas son 2.708h (incluíndo formación en MII) en 50 accións formativas.

FORMACION						
ACCION FORMATIVA	TOTAL HORAS	REC internos	REC externos	Nº Persoal Asistencial	Nº Persoal Non Asistencial	COSTE
Protección de datos (novas incorporacions) (on-line)	432	x		84	24	
Protección de datos: Documentos imprescindibles	30	x		15	5	
Protección de datos – xornada sensibilización	60	x		25	15	
Código de conducta (novas incorporacions) (on-line)	264	x		80	8	
PRL (novas incorporacions) (on-line)	68	x		30	4	
Pastoral: Presentación programa valores	35	x		50	20	
Formación no posto de traballo	90	x		25	5	
Seguridade do usuario (on-line)	4	x		4	0	
Formación MI desempeño 2021	84		x	5	2	1986,79
Sistema de Calidade-Formación básica	27	x		7	2	
Procesos de envellecemento	22	x		11	0	
Plan de Xestión presentación	116	x		45	13	
Plan de Autoprotección: formación teórica	110		x	43	12	339,2
Plan de autoprotección: práctica	210		x	5	65	
Sesión de comunicación fronte a situacións de crise	26	x		40	12	
Xornada Navidade	140	x		50	20	

ACCION FORMATIVA	TOTAL HORAS	REC internos	REC externos	Nº Persoal Asistencial	Nº Persoal Non Asistencial	COSTE
ASISTENCIAL						
Características da discapacidade intelectual - (on-line)	156	x				
Pastoral: Significado da palabra de Dios	6	x				
Formación do posto de traballo. Pautas de actuación	75	x				
Manexo de grúas	7		x			
Características de la discapacidade intelectual - (on-line)	156	x				
Pastoral: Significado da palabra de Dios	6	x				
Formación do posto de traballo. Pautas de actuación	75	x				
NON ASISTENCIAL						
Curso de mantemento normativo-preventivo e conservación de instalacións (II)		x				
Curso de alimentación e nutrición no ámbito hospitalario	24	x				
Formación de limpeza domestica-Productos químicos	2	x				
Formación de oficios	24		x			450
OUTROS						
BIOETICA	74	x				
DESA y SVA	25		x	5		595
PORTAL DO MANAGER	14	x		5	2	
IGUALDADE	8	x		2	2	
EXPERTO IGUALDADE	16		x	1	1	
ESTIMULACION GRANDES NECESIDADES DE APOIO	8	x		8		
ESTIMULACION BASAL Y VESTIBULAR	6	x		6		
ADMINISTRADORES	10	x			2	
COLOCACION DE EPIS	40	x		40		
FORMACION INICIAL LEAN KATA	12	x		6		
LIBRO DO EDIFICIO	5	X		5		
FORMACION LEAN KATA	7	x		6	1	
ESTIMULACION DO SALÓN	4	x		4		
ESTIMULACION DA SALA MULTISENSORIAL	4	x		2		
ESTIMULACION GUSTATIVA E ORAL	6	x		6		
INDICADICIONS DE INDOLE PREVENTIVA	72	x		52	20	

MANEXO DE AGRESIONS	42	x		42		
MANIPULADOR DE ALIMENTOS	1	x		1		
MANIPULACION DE PACIENTES	1,5	x		1		
SEGURIDADE DO USUARIO EXPERTO	60	x		15		
ORGANIZACIONS LIQUIDAS	60		x	4		
XESTION DE PROGRAMA PARA LAVANDERIA	4		x	4		
TOTALES	2.491,5					3370,99


PLAN DE FORMACIÓN EN IDENTIDADE

En relación ao Plan de formación en Identidade Hospitalaria, realizáronse as accións previstas de Acollida, Iniciación e Afondamento previstas no plan, salvo aquelas formacións de Identidade previstas dende Provincia para MII e persoas clave. Sí realízase a formación para membros do CdD.

O número de horas formativas en Identidade Hospitalaria do exercicio 2021 foron un total de 216,4 (adicionalmente as horas do programa do CdD).

FORMACION EN MII									
Fase	Denominación do curso	Horas duración		Recursos internos	Recursos externos	Participantes		Presu-posto	Mes
		Pres	No pres			Perfil	Nº		
Acolida	Xornada acogida 1	0,5		Xestión de Persoas (entrega de Síntesis MII)	0	Tódolos perfiles profesionais con menos de 6 meses dende a súa incorporación	30		No momento da incorporación
	Xornada acogida 2	1,5		Formador acreditado MII	0	Tódolos perfiles profesionais con menos de 6 meses dende a súa incorporación	30		2 / Mes
Iniciación	Misión e Modelo Hospitalario	3	0	Formador acreditado MII	0	Tódolos perfiles profesionais con menos de 6 y 24 meses dende a súa incorporación	15		abril
	Os valores Hospitalarios	3	0	Formador acreditado MII	0	Tódolos perfiles profesionais con menos de 6 y 24 meses dende a súa incorporación	15		octubre
Profundización	"Practicad os valores hospitalarios"	3,5		Formador acreditado MII	0	Tódolos perfiles	70		Mayo (diversos grupos)
	Formación Provincial para membros do CdD	6		--	Provincia HHSCJ	Membros do CdD	4		Realizado
	Formación Provincial de MI e Postos Claves	6		--	X	MI e Postos Claves	3		Non se realiza

ORGANIGRAMA PUESTOS DE TRABAJO CENTRO PAI MENNI-HERMANAS HOSPITALARIAS BETANZOS



TARIFAS E SUBVENCIONS

SERVIZOS	TARIFAS
Residencia gravemente afectados con Centro de día	Administración: 2.155,66€ +Usuario: 75% pensións / SIGAD
Residencia terapéutica	Administración: 2.298,95 € (Usuario: SIGAD)
Residencia de adultos con Centro ocupacional	Administración: 1.109,93€ +Usuario: 75% pensións/ SIGAD
Vivendas tuteladas	Administración: 665,32 € +Usuario: 40% pensións / SIGAD
Centro de día	Administración: 902,46 € + Usuario: 35% pensións / SIGAD
Centro ocupacional	Administración: 444,64 € +Usuario: 35% pensións / SIGAD

Centro solicitante	Ano solicitude	Proxectos solicitados	Tipo	Detalles	Continuidade	Importe solicitado (€)	Importe concedido (€)	Fecha da resolución
Betanzos	2020	Liña III. Actuacións de promoción da autonomía persoal e de apoio de persoas maiores con discapacidade. Programa Calidade e seguridade na asistencia a pacientes	IRPF Programa	Coste persoal: 24.977,07€ Equipamento: 17.768,74 €	SÍ	42.745,81€	18.437,96 €	15/01/2021
Betanzos	2020	Liña III. Actuacións de promoción da autonomía persoal e apoio de persoas maiores con discapacidade. Programa de inserción laboral para persoas con discapacidade	IRPF Programa	Coste persoal: 33.674,04€	SÍ	33.674,04€	17.991,89 €	15/01/2021
Betanzos	2020	Proxectos de inversión e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas maiores con discapacidade	IRPF Inversión	Instalacións: 9.683,51€ Equipamentos: 30.996,14€ Furgoneta: 28.110,14€	SÍ	68.789,79€	21.677,71 €	15/01/2021
Betanzos	2021	ED.4: Tratamentos de rehabilitación: Terapia Canina	Programa Deputación A Coruña	Asgecan Terapias: 10.820,00€	SÍ	8.500,00€	4.675,00 €	31/05/2021
Betanzos	2021	ED.2: Equipamentos Centros Residenciais	Inversión Deputación A Coruña	Equipamento tecnolóxico	SÍ	41.500,00€	24.070,00 €	25/05/2021
Betanzos	2021	Programa de ocio terapéutico post-COVID	Programa Fundación La Caixa	Coste persoal: 6.366,88€	No	6.366,88€	5.000,00 €	07/05/2021



ORGANISMOS	
1. MTAS 0,7%	
2. Deputación de A Coruña	
3. Fundación "La Caixa"	

CONCERTOS

Ao longo do exercicio 2021 o Centro mantén os contratos existentes en réxime de concerto coa Xunta de Galicia para a ocupación de prazas de asistencia a persoas con discapacidade intelectual.

Tamén se citan nesta Memoria outros convenios que firmou o Centro no ano, como convenios de colaboración en prácticas ou programas de Cooperación.

▪ **Contratos asistenciais:**

ENTIDAD CONTRATANTE	FECHA FIRMA	VIXENCIA	Nº PRAZAS CONCERTADAS	OBXETO CONTRATO
Xunta de Galicia	01/01/2021	31/12/2021	42	Centro Residencial con centro ocupacional (PA68/2009)
Xunta de Galicia	01/01/2021	31/12/2021	16	Vivenda Tutelada (PA69/2009)
Xunta de Galicia	01/01/2021	31/12/2021	78	Centro Residencial con centro de día (PA116/2009)
Xunta de Galicia	01/01/2021	31/12/2021	8	Atención Residencial Terapéutica (PA70/2015)
Xunta de Galicia	01/01/2021	31/12/2021	3	Centro Residencial con centro de día (PA116/2009)
Xunta de Galicia	01/01/2021	31/12/2021	22	Centro Residencial con centro ocupacional (PA68/2009)



▪ **Convenios de Colaboración:**

ENTIDADE CONTRATANTE	FECHA FIRMA	VIXENCIA	OBXETO CONTRATO
XUNTA DE GALICIA PROGRAMA COOPERA	20/12/2021	19/09/2022	FOMENTO DO EMPLEO 1 TERAPEUTA OCUPACION
XUNTA DE GALICIA PROGRAMA COOPERA	16/12/2021	19/09/2022	FOMENTO DO EMPLEO 3 AUXILIARES (CUIDADOR)
CONCELLO DE BETANZOS	01/08/2021	30/09/2022	PRACTICAS CURSO T. SOCIOSANITARIO
CONCELLO DE CAMBRE	01/09/2021	30/09/2022	PRACTICAS OBRADOIRO PROXEDIS –PROWEW III
CONCELLO DE OZA-CESURAS	01/09/2021	30/11/2022	PRACTICAS OBRADOIRO T. SOCIOSANITARIO
FEUGA – beca	04/10/2021	04/04/2022	BECA. 1 TRABAJO SOCIAL
FEUGA – beca	04/10/2021	04/10/2022	BECA. 1 RRLL y RRHH
CIPF ANXEL CASAL	01/12/2021	31/12/2021	PRACTICAS DE INTEGRACION SOCIAL
C. LICEO LA PAZ	01/01/2021	31/12/2021	PRACTICAS TCAE
ERLAC	21/09/2020	30/09/2022	PRACTICAS DE RRLL Y RRHH
USC – FACULTAS DE PSICOLOGIA	01/09/2021	30/09/2022	PRACTICAS DE PSICOLOGIA CLINICA